Trasalba 11 dos Santos. San Martiño do 1960

Sr. Dn. Ricardo Carballo Calero
Lugo

Meu querido e admirado amigo: Dóeme de verdade non poder descobrirlle ren sobre ise libro de Tettamancy o Gastón dos bigodes de "sargent de ville". Sois coñeos o tidos, sin outra resoanse. Mañán en Ourense farei un inquerito na casa de un amigo. de todolos xeitos todolos escritos de Tettamancy, atal creneo, debense gardar na Academia Galega. Dentro de poucos días estará Vde alí co gallo da resposta ó discurso de Del Riego. E si non han saber algunha cousa os vellos herculinos. Si algunha cousa, sei escribireille deseguida. Estou desexando ouvilos a Vdes na sesión do 26. Parés ren que ó seguinte, domingo, ha ser o grande xantar a Sebastián Mª Risco Macías.

Eiquí seguimos meio afundidos no trollo. Se non pode sementar o panciño, están as nabeiras feitas presas, esmocense os muros e parés, a herba viçosa e bersuta afoga todo co seu verdor morto.. Hoxe, dia do Patrón de Tours e de Ourense - ¡canto me doe non ser cónego pra botar o panexírico do Santo na vella e severa catedral! - parés lucar pra nos un couriño de solciño. Hoxe botaremos os primeiros gulapos canónicos do tinto e mauxaremos de postre as castañas cochas en leite.

Saiu un bó libro "La ciudad y los dias" de Alvarez Blazquez - Xosé Mª - moi abondosas efemérides de Vigo. O autor manexou inorme cantidade de datos. E un libro pra anotare con calma a letra nos os vellos decimonónicos. Ergue e estima moi outos poetas e escritores que sois teñen invonxaia valeuse histórica. Pro é un bon traballo.

Da miña novelala "Rosalía" non sei verba. Estábase imprentando na Citania de Bos Aires fai uns meses segun as miñas novas. O meu tolo fidalgo de Gauterias e Reboraina xa saiu polos mundos cos seus namoramentos. Loucenas. Vin os primeiros exemplares na xuntanza de "Galaxia" o domingo derradeiro en Sant Yago. Saiu xentil e forte a edición con moi graciosos dibuxos de Ricardo García.

Teño nas miñas mans pra lle escribir o prólogo o "Além" poemas moi bos, santosos, de sinxelos e finos ritmos, de Augusto Casas.. Estiven en sauxanter grande porción do mes de outono. Falei moito co Nestor dos brehistoriadores, o compostelán P. Carvallo. Canto lle dixen a deus diante de aqueles impresionantes estelas discoideas do Val de Buelna o velliño choraba: "¡Non volverei a sentir as doce da noite na Quintana!".

Saúdos de Fita pra Vdes e as fillas, miñas lembranzas pra a dona e os rapazes atal xentís e estudosos.

Sempre o vello amigo e admirador con infindos abrazos

R. Otero Pedrayo

112 1160-2